



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN
ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A
SCUOLA DI SPECIALIZZAZIONE IN STUDI SULL
'AMMINISTRAZIONE PUBBLICA DE LA UNIVERSIDAD DE
BOLOGNA, PARA EL DESARROLLO DE ACTIVIDADES DE
FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN**

(1) A Escola Galega da Administración Pública –pertencente á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza- é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de formación aos empregados públicos.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

(2) **Antecedentes:** En canto as relacións entre as institucións asinantes cabe mencionar que non é a primeira vez que colaboran, posto que xa en anos anteriores houberon outros convenios.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, formalízase cás partes arriba referidas o instrumento convencional meritado por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas partes -21 de outubro de 2016- ata o remate do desenvolvemento e xustificación económica do curso.

(4) O Convenio ten por obxecto a participación do persoal dependente nas actividades da EGAP, así como a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A) Realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Adtvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



B) Edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométense a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.

C) Promover a actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.

D) Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste Convenio.

(6) A sinatura deste convenio non implica por parte da EGAP compromiso de gasto.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

En Santiago de Compostela, a 21 de outubro de 2016

O Secretario Xeral da EGAP,

